

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4 BIS**

### **SESION EXTRAORDINARIA 30 DE MARZO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTEN:

Domínguez Olveira, Santiago (BNG)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día trinta de marzo do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral

Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello, sesión extraordinaria, convocado a día de hoxe por orde do día do 25 de marzo, en poder das señoras e señores concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública. O Pleno vai ter lugar en intervencións de cinco minutos, iniciando o grupo propoñente, continuando o grupo do Bloque Nacionalista Galego e rematando o Goberno.

A partir de aí se hai resolucións someteranse a votación.

Procedemos co Pleno.

**ÚNICO (54).- DEBATE SOBRE A CONTRATACIÓN POR PARTE DAS EMPRESAS CONCESIONARIAS NO RELATIVO AO ÁMBITO DO PERSOAL EMPREGADO POR ESTAS E SOBRE O CONTROL POR PARTE DO CONCELLO DO CORRECTO FUNCIONAMENTO DAS EMPRESAS CONCESIONARIAS NO RELATIVO Á CONTRATACIÓN DO PERSOAL E Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS AO LONGO DO PERÍODO CONCESIONAL. EXPTE. 1082/1101**

ANTECEDENTES.- En data 25 de marzo de 2015, o grupo político municipal do Partido Popular presenta na Secretaría Xeral do Pleno, o seguinte escrito solicitando un Pleno extraordinario,

“Nas ultimas semanas os vigueses tiveron coñecemento de informacións nas que se pon en dúbida a transparencia en determinadas contratacións de persoal en empresas que manteñen a concesión de servizos municipais.

Un deses casos incluso chegou aos tribunais de Xusticia. O Grupo Popular considera que o alcalde, como máximo representante da administración local viguesa, debería ter dado xa explicacións do que acontece e, sobre todo, clarexar diante da opinión pública que o control que se fai sobre as concesionarias é riguroso. Non obstante, ese feito aínda non se produxo.

Polo anteriormente exposto, e ao amparo do artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, os concelleiros asinantes membros do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte orde do día:

Único.- Comparecencia do alcalde ante os membros da Corporación para:

1º) Dar explicacións sobre o cumprimento da lei e dos requisitos e condicións contempladas nos pregos de contratación por parte das empresas concesionarias, no relativo ao ámbito do persoal empregado por estas.

2º) E ao mesmo tempo render contas sobre o control por parte do Concello do correcto funcionamento das concesionarias no relativo a contratación do persoal e á prestación dos servizos contratados ao longo do período concesional, (en concreto no relativo ao centro cívico obxecto da investigación xudicial).

E coa seguinte proposta de acordo:

“Instar ao goberno municipal a que, con carácter de urxencia, revise, reforce e garanta:

- que por parte do Concello se cumpre a legalidade na aplicación dos mecanismos de control e supervisión dos contratos asinados polas concesionarias e que estas cumpren de maneira correcta os servizos e obxectivos contratados.
- O cumprimento por parte das concesionarias dos requisitos que marca a lei para a contratación do persoal, de acordo ao contrato asinado co Concello.
- O cumprimento por parte das concesionarias do correcto desenvolvemento dos servizos e obxectivos contratados.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hoxe vimos aquí a este Pleno extraordinario a exercer algo que é normal no desenvolvemento democrático dunha Corporación municipal, alegrámonos de que por fin se poida realizar este Pleno co único obxectivo de clarear unha serie de cuestións que non están nada claras, co único propósito de escoitar explicacións sobre o que ata agora non quixo ser escoitado, coa intención de render contas aos cidadáns que é tamén para o que nos elixiron como os seus representantes.

Máis vale tarde que nunca Sr. Alcalde, esperemos que hoxe aquí, ante o Pleno da Corporación, vaian vostedes un paso máis alá do "nada que dicir" ao que nos teñen acostumbrados. Vaia por diante, como sempre o noso máximo respecto á acción da xustiza e en favor da presunción de inocencia das persoas, un respecto que demostramos sempre, en tódalas ocasións nas que se puxo en tela de xuízo a actuación das persoas, sexan estas funcionarios ou responsables políticos.

Non vimos a xulgar a ninguén, non é o noso estilo xudicializar a política, vimos aquí porque vostede, Sr. Alcalde, quixo pasar de puntillas sobre un feito que afecto ao Concello de Vigo como institución e á percepción que teñen moitos vigueses de que algo raro está pasando. Ao Partido Popular non lle move en ningún caso o interese por

danar a imaxen das persoas e moito menos as das institucións, é precisamente a necesidade de garantir o correcto funcionamento das institucións o que nos move por responsabilidade cos cidadás, a existir aquí e desta maneira explicacións que ata o de agora lle foron negadas aos vigueses.

Este Pleno extraordinario non se houbera solicitado en ningún caso de ter habido as necesarias aclaracións por parte do goberno da cidade, nese caso poderíamos ter evitado a situación que se vive hoxe, teríannos parecido suficiente ou non esas aclaracións, pero o peor é a calada por resposta, niso consiste a transparencia, algo que vostedes non practican e que o Partido Popular veu demandando sobradamente nos últimos anos. Por iso, pónolle dous exemplos de mocións do Partido Popular aprobadas por unanimidade e non cumpridas, unha, moción de setembro de 2011 que solicitaba que tódolos contratos foran fiscalizados polo departamento de Recursos Humanos, dous, moción de xullo de 2012 que existía a reunión da Comisión de Control da Contratación de tódalas empresas concesionarias. Desgraciadamente hoxe o Concello de Vigo está en boca da xente, pola sospeita que teñen os cidadáns de que algo non se está facendo como se debera.

Hai uns días coñecéronse as imputacións de tres altos funcionarios municipais e da cuñada da primeira Tenente de Alcalde pola posible comisión de graves delitos relacionados con supostas irregularidades na xestión do persoal dos centros cívicos, o único que o Partido Popular persegue é que lles digan aquí aos vigueses o que está pasando, e por iso estamos aquí. Estamos aquí para esixir o esclarecemento de cuestións concretas que foron denunciadas, que están sendo investigadas e que inesplicablemente non quixeron ser clarexadas, non estamos aquí para falar do que pasa nos concellos de A Coruña, de Ourense nin de Lugo, nin nas deputacións de Pontevedra, de Lugo ou de Ourense, nin sequera do que pasa na Entidade Local Menor de Bembrive, a cuestión é moi sinxela, o Pleno de Vigo pídelle explicacións ao Goberno de Vigo sobre o sucedido en Vigo, así debe ser e así esperamos que sexa Sr. Alcalde.

Non lle diga nada vostede ao Partido Popular ou ao Bloque Nacionalista Galego, dígallo aos vigueses que son quen teñen as dúbidas razoables que motivaron estas denuncias, as investigacións e as imputacións. Nas súas máns está Sr. Alcalde agora clarexalo ou manter esa sospeita. Por iso gustaríanos saber que documentación e información relativa a esta caso solicitou a Fiscalía ou o Xulgado a este Concello ao longo dos últimos meses, e que medidas adoptou o goberno municipal para clarificar os feitos denunciados e que decisións se adoptaron á vista dos feitos que están sendo

investigados.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego leva meses pedindo explicacións a este goberno, leva meses pedíndolle explicacións a este Alcalde en distintos Plenos, presentando preguntas e a través dos medios de comunicación, sobre os procesos xudiciais abertos neste Concello, xa non estamos falando só dos casos que trae o Partido Popular a esta Pleno senón tamén da "Operación Patos", daquela xa nós pedíamos explicacións, e daquela o Partido Popular non se mostraba tan bravo porque estaban en plena negociación dos orzamentos, quero lembralo, e daquela o Partido Popular confiaba absolutamente na legalidade de todo o que se fixera neste Concello. Agora as cousas cambian e está pedindo explicacións tamén como levamos nos facendo durante todos estes meses. Evidentemente hai procesos xudiciais abertos con respecto a expedientes de contratación relacionados con este Concello, e por suposto os procesos xudiciais teñen que seguir o seu camiño e as sentencias xudiciais determinarán o que ten que ver coa legalidade ou ilegalidade das accións que se levaron a cabo dende este Concello.

Pero ademais do proceso xudicial hai explicacións políticas que hai que dar, explicacións políticas que estamos pedindo dende a oposición, dende o Bloque Nacionalista Galego pero sobre todo explicacións políticas que está pedindo toda a cidade de Vigo, os cidadáns/ás de Vigo están pedíndolle explicacións ao Alcalde sobre que acontece neste Concello, e nós sinceramente non sabemos canto tempo íamos dispor hoxe para falar, pero a nós sóbrannos xa cinco minutos, porque non somos nós os que temos que dar explicacións, é o Alcalde desta cidade o que ten que dar explicacións, e esperamos que así o faga hoxe, é máis a nós gustaríanos que fose o propio Alcalde quen dese as explicacións, non é necesario que sexa alguén do goberno senón o propio Alcalde que dea explicacións como máximo responsable de tódalas accións deste Concello.

Sinceramente, non entendemos porque se alporiza tanto o Goberno coas nosas palabras porque non estamos dicindo nada novo, desgraciadamente levamos meses que se asuman responsabilidades políticas neste Concello por procesos xudiciais abertos e ata o da agora o único que atopamos foi a calada por resposta, nos Plenos e nos medios de comunicación, agardamos que hoxe a actitude sexa diferente, sería demostrar o respecto á democracia que ata o de agora non demostrou en ningún momento o Alcalde desta cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Piden vostedes coñecer a situación, detállolla, un xulgado solicitando información sobre un contrato de traballo, ningún responsable político do goberno citado de informar ao xulgado, tres funcionarios que deben informar ao Xulgado, o máximo respecto por parte deste Goberno a tódalas actuacións xudiciais e toda a colaboración xudicial como sempre, e todo o apoio aos tres funcionarios que teñen que informar ao xulgado, en trinta segundos expliqueilles cal é a situación, está é a situación que vostedes coñecen e a que queren politizar, porque xa me gustaría que fosen vostedes responsables e que houbesen dado conta de tódalas ilegalidades que tiveron en gobernos anteriores sobre todo relacionadas co urbanismo, do Orzamento do Concello derivan 3.700 contratos, só sobre un contrato está actuando a xustiza, dunha persoa que tivo un contrato temporal e dunha persoa que leva dous anos no paro como tantos outros vigueses pola súa reforma laboral e polas súas políticas de recorte. Fronte a esta situación todos vostedes, concelleiros do Partido Popular deberían ter dimitido o 17 de marzo deste ano, data do informe xurídico do Secretario deste Pleno que lle di a vostedes que abusan do dereito e algo máis aínda, que os acordos que que propoñían houberan sido nulos de pleno dereito, e algo aínda máis importante e é que pretendían facer un debate inútil e inquisitivo, con perxuizos a terceiros que non poden ser convocados e que non poden defenderse, aínda resona o bando do día da Reconquista, lido por un exalcalde desta cidade, no que dicía non todo vale en política e a vostedes si vale todo en política, perxudicando a terceiros, a tres funcionarios e sen ter en conta a súa vida persoal nin a súa carreira profesional.

Si Sr. Fidalgo, temos que falar de Galicia de como está o Partido Popular en Galicia, dun Alcalde de A Coruña que non convoca o mesmo Pleno que vostedes piden aquí, para explicar nin máis nin menos 54 enchufes que promoveu o Tenente de Alcalde, segundo a xuíz, co consentimento do Alcalde. O Alcalde de A Coruña e vostedes son do mesmo partido? Un presidente de Deputación imputado por cohecho, con palabras maiores, que se nega a declarar, menuda burla á xustiza e menuda colaboración coa xustiza, o Sr. Louzán e vostedes son do mesmo partido, a Deputación de Ourense con 400 enchufes, comprobado, a familiares e amigos do Partido Popular e cunha contabilidade do Partido Popular absolutamente falsa, isto non é un "e ti máis", isto é a situación do Partido Popular.

Todo isto é campaña electoral, e os vigueses sábeno e a eles diríxome porque este Pleno llo impuxeron a vostedes a candidata do Partido Popular, porque vostedes

quedaron reducidos estes meses a ser un comando de apoio da candidata do Partido Popular e este Pleno que vostedes piden aquí é o mesmo que a candidata do Partido Popular negouse a comparecer no Parlamento de Galicia, menudo exemplo medir de forma totalmente distinta. A candidata non ten autoridade moral para falar sobre responsabilidades, os vinte millóns da trama "Z" foron asinados por ela, primeiro como interventora e segundo como conselleira, e seguiu asinando cando xa se coñecía a trama, a comparecencia solicitada cinco días antes non a levou a cabo, a candidata está sinalada e estigmatizada pola operación "Z" e cando se sente se é que se senta onde está o Sr. Figueroa, non poderá darnos leccións a ningún dos que estamos aquí.

Eu vou rematar en positivo, vostedes son a cara gris e triste dunda cidade que reboza optimismo, dende o 16 de xuño do 2007 esta cidade, xa hai oito anos, ten un Alcalde que defende a esta cidade, que conseguiu o orgullo de ser vigueses e a defensa da cidade, que creou miles de empregos, que creou a mellor política social, e ese orgullo e transparencia é a que define a este goberno que sempre foi un goberno intachable e honrado ao máximo, dificilmente nos poden dar leccións de transparencia os que pactaron un Plan de Urbanismo ligado aos especuladores.

**PRESIDENCIA:** Rematado o debate entendo que o grupo Popular mantén a proposta de resolución que aparece na convocatoria. Polo tanto, sométese a votación.

**VOTACIÓN:** Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, dúas abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señor e señora Alonso Pérez e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adoptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a proposta que presentada polo grupo político municipal do Partido Popular, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás oito horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 30 de marzo de 2015. Consta de ..... folios da serie A numerados do ..... ao ....., e números do ..... ao ..... Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda